



Concello de Vigo-Secretaría Xeral

INFORME

Asunto: Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo. (Expediente. 1755/449)

Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LTPVTG. Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

RDFHN. Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

OMSTV. Ordenanza reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo. BOP 11.03.2015

ROMPV. Regulamento Orgánico Municipal do Pleno de Concello de Vigo. BOP 15.06.2016.

Antecedentes. Con data 3.03.2018 o Servizo de Transportes (449) remite a esta Secretaría xeral o proxecto de Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo ao obxecto de que se emita o informe preceptivo sinalado no artigo 3.3.d)1º do RDFHN; cumprimentado a petición emítese o seguinte,

INFORME

I. O servizo de taxi non é un servizo público.

O servizo de taxi é un “servizo de *interese público*” tamén chamado virtual ou impropio, a súa prestación -a diferenza do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros (transporte en autobús) de exclusiva titularidade municipal, artigo 26.1.d) da LBRL, que é prestado, artigo 85.2 LBRL, ben directamente (xestión directa), ben a través de concesionario (xestión indirecta)- é unha actividade privada que, en razón do interese e da relevancia que ofrece á



ciudadanía, a Administración municipal someteo a unha autorización (licenza) que faculta aos seus titulares para a súa prestación, tamén a toda unha “regulamentación” que disciplina o seu desenvolvemento.

En Galicia tal “regulamentación” ven establecida por unha completa e acabada Lei ordinaria (LTPVTG) que ademais de deixar un moi escaso marxe -case nulo- á autonomía municipal constitucionalmente recoñecida (artigo 138 CE) implica unha deficiente técnica lexislativa provocada na disposición final segunda da Lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para súa adaptación a la Directiva 2006/123/CE del Parlamento europeo, dada a conxelación do rango que leva a cabo nunha actividade que non o require o que supón unha innecesaria rixidez do servizo.

II. A vixente OMSTV foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de data 9.02.2015, tal aprobación realizouse ao amparo do artigo 35 da LTPVTG, “Os concellos ..., para lograr unha debida coordinación do servizo, poderán regular no seu ámbito territorial, ... e escoitadas as asociacións representativas do sector e o Consello Galego de Transportes, o réxime de horarios, calendarios, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións das persoas titulares das licenzas de taxi e das persoas condutoras, procurando que exista unha continuidade na prestación do servizo de taxi ...”.

A xuízo da Concellería, tres anos despois da entrada en vigor da OMSTV, á vista das necesidades xurdidas, considérase preciso a realización de modificacións na Ordenanza para adaptala ás novas circunstancias do sector e co fin de aclarar e completar diversos artigos para un mellor coñecemento das obrigas e dereitos tanto dos profesionais como dos usuarios, neste sentido o anteproxecto contempla a modificación dos artigos 11, 12, 17, 20, 21, 24, 25, 29, 33, 37, 39, 42, 43, 47 e 48, modificacións que non conculcan co previsto na LTPVTG, sendo de destacar as previstas para o artigo 29, Publicidade nos vehículos(debe lembrarse que a LTPVTG no artigo 27.2 prohíbe toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas) ; artigo 33 Prepago no pagamento do servizo e artigo 37.d), Forma de prestación do servizo.

Conforme ao sinalado no artigo 35 da LTPVTG no Expediente consta que na súa tramitación teñen sido escoitadas as tres asociacións mais representativas do sector, así como o Consello Galego de Transporte.

Conclusión. Infórmase favorablemente ao anteproxecto de Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo e a súa proposta de acordo.

III. Tramitación. Aprobado o anteproxecto pola Xunta de Goberno Local, artigo 127.1.a) LBRL, remitirase os Voceiros dos grupos políticos municipais ao obxecto de que presenten emendas no prazo de seis días, artigo 76.4 ROM, informadas as emendas a proposta de acordo será ditaminada pola Comisión Informativa que corresponda, artigo 122.4.a) LBRL, o ditame resultante será elevado ao Pleno para a súa aprobación inicial, artigo 123.1.d) LBRL, no mesmo acordo determinarase a publicación do acordo no BOP e a apertura dun período de 30 días de información pública e audiencia dos interesados, artigo 49.b) LBRL, de non presentarse reclamacións ou suxestións o acordo de aprobación inicial entenderase definitivamente adoptado, artigo 49 LBRL inciso final.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2018 09:55

Páxina 2 de 3

Expediente 1755/449

CSV: 28E34-BDE83-CCCB3-3B84E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda

Data e sinatura dixital



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2018 09:55	Páxina 3 de 3
Expediente 1755/449	CSV: 28E34-BDE83-CCCB3-3B84E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		